



Que é iso da Internet?



En 3º ESO traballamos a entrevista e os rapaces practicaron a técnica con persoas de, como mínimo, tres xeracións diferentes. Despois de facer as preguntas pertinentes elaboraron as súas propias conclusións sobre os *Usos de Internet na sociedade actual*.

Despois de facer unha pequena enquisa sobre Internet a diferentes persoas de diferentes idades decateime de que, todo o mundo escoitou algunha vez falar de Internet, dende os máis pequenos ata os máis maiores. Mais, sabe todo o mundo o que é Internet? Sabe toda a poboación como se emprega, para que serve e cales son os seus riscos? É unha ferramenta indispensable? Ten todo o mundo acceso a Internet?

Despois de analizar as respostas da xente e dividilas por idades, xa que a maioría coinciden, este foi o resultado:

Rapaces menores de dez anos:

Todos escoitaron falar, dende practicamente bebés, pero non teñen moi claro nin o que é, nin os seus riscos. Si saben, minimamente, como usalo para xogar ou ver vídeos en You Tube. Non o empregaron moito, polo que non é para eles indispensable, nin sequera importante.

Mozos de 12 a 18 anos:

Os mozos destas idades tamén coñecen dende pequenos Internet. Todos teñen bastante claro cales son as súas utilidades e os seus riscos. A meirande parte saben usalo ben, xa dende hai tempo.

Neste grupo hai unha diferenza: os máis novos úsano de vez en cando para buscar algunha información para a escola ou incluso conectarse ás redes sociais, escoitar música, etc; os maiores de 15 anos emprégano con moita máis frecuencia.

Case todos coinciden en que o usan practicamente todos os días. Neste caso, moitos din que para a escola é case indispensable, aínda que non só o usen para iso, senón tamén para escoitar música, relaxarse, mirar páxinas de temas diferentes, e sobre todo para entrar en redes sociais e chatear.

Xente de 20 a 30 anos:

As persoas destas idades que están estudando afirman que para eles é algo demasiado importante, indispensable. Fállles falta para todo tipo de traballos, investigacións, etc.

Os que non estudan tamén o usan a diario, mais para eles non é tan importante.

Ambos os dous grupos coinciden en que as redes sociais, xogos ou vídeos son o que máis visitan.

Xente de 30 a 50 anos:

Todos escoitaron falar de Internet e, a meirande parte deles, usárono algunha vez, aínda que na maioría dos casos (sobre todo nos máis maiores) fora coa axuda de alguén.

Todos os entrevistados coinciden en que é moi importante, pero tamén din que é totalmente prescindible.

Os menores de 45 anos, nun 65% aproximadamente, saben usalo e fano a miúdo, xa que a algúns



faíles falta no seu traballo e outros pasan o tempo lendo a prensa, buscando receitas de cociña, enderezos, etc.

Persoas de 50 a 65 anos:

Saben da existencia de Internet, xa sexa por netos, fillos ou a prensa. Mais neste caso, só unha das catro persoas preguntadas afirma saber como usalo. Trátase de María, unha muller de 62 anos que foi a clases de informática para pasar o seu tempo libre. Agora non o usa moito, pois non ten Internet na súa casa.

Persoas de máis de 65 anos:

Das seis persoas preguntadas, todas saben que existe algo chamado Internet, pero non teñen claro para que se usa; agás dúas mulleres que din saber como usalo. Unha é Marta de 71 anos de idade, profesora xubilada que todos os días mira o seu correo electrónico, a prensa, receitas de cociña, le libros, etc. E Pepa, unha anciá de 88 anos que recibiu clases do seu neto. Xa hai tempo que non o emprega. Manolo tamén sabe para que serve, pero non quere aprender a usalo, di preferir libros e enciclopedias.

Conclusión: A día de hoxe, homes e mulleres de todas as idades saben que existe Internet, pero practicamente só as novas xeracións sabemos ou, polo menos, temos unha leve idea do que é e para que serve.

Aos máis maiores, acostumados a libros ou ferramentas máis sinxelas, cústalles adaptarse a un cambio tan grande na forma de vida da sociedade actual.

As xeracións novas e as vindeiras nacemos cun ordenador debaixo do brazo, polo que, se nos quitan agora Internet, custaríanos moito adaptarnos a unha vida sen el.

María Eiras (3º A)





Rabia

Para o concurso organizado por NovacaixaGalicia, presentamos algún que outro relato. Aquí tedes o exemplo dunha rapaza de 4º.



RABIA

A escena era totalmente macabra. Cando na comisaría avisaran dun posible caso de asasinato, o detective non se esperaba nin moito menos unha escena como aquela, non vira cousa semellante nos doce anos que levaba na policía. Cando abriu a porta da casa, o primeiro que viu era un rastro de sangue que o conduciu á cociña, onde estaba o corpo do que máis adiante confirmarían que era unha muller. A primeira vez que viu ese tronco, con dous tocos ensanguentados onde a lóxica dicía que alí debían estar dúas extremidades, e cunha cara coa pel totalmente desgarrada e cuberta dos seus propios pelos arrincados da cabeza, custoulle adiviñar que iso non había moito fora unha persoa. Pero ao volver a onde o rastro de sangue e fixarse un pouco, descubriu un pequeno vulto na alfombra e, ao levantala, viu que se trataba dunha man, e que no cuarto contiguo estaba o seu dono, un home co pescozo aberto e recuberto de algo que parecía mexo, ou polo menos cheiraba como tal. E para darlle o toque máis macabro ou máis absurdo, cando os policías saíron ao xardín traseiro deducindo que probablemente fora por onde entrara o asasino, descubriron a última vítima. Un can coa maioría dos seus órganos fóra do corpo. O detective, logo de mirar con máis atención os cadáveres, pensou que malia a brutalidade do crime este caso ía ser fácil; xa sabía quen era capaz de facer algo así.

El deambulaba polas rúas cambaleándose e co corpo fervendo pola febre, recibindo como se fosen labazadas todas as miradas de desprezo e noxo que a xente lle enviaba cando se cruzaban con el. Cando un home correu a apartar a un neno que se achegaba demasiado a el, recordou que había tempo el tamén tiña unha familia na que había nenos, pero xa apenas recordaba como eran as súas risas, os seus xogos e aloumiños... Tampouco recordaba moi ben o que fixera a noite anterior, aínda lle doía a cabeza da intensa febre que sufrira, que sempre aparecía neses momentos, nos momentos nos que vía unha familia como foi unha vez a súa, pero que xa non o era. Todo por esa maldita febre que colleu; a eles faltoulles tempo para desfacerse del en canto se deron de conta do que lle pasaba. Non lamentaron o que lle ocorría, nin estaban con el cando sufría e, dende logo, non dubidaron en abandonalo. É neses momentos, cando recorda todo o que lle fixeron sufrir, cando aparece un odio enfermizo cara a familia que observa e unha envexa asasina cara o que é coma el e goza de todo o amor que a el lle foi negado. Pero mentres a febre non aparece e o seu corpo está débil, invádeo un arrepentimento ao recordar a sensación de sentirse ferido, e pide desculpas polo que puido chegar a facer. El quería que a febre non volvесе, pero se algunha vez tivo esperanzas de poder chegar a curarse completamente, xa hai tempo que desapareceron. Os ataques de febre cada vez facíanse máis constantes, e se antes aínda era capaz de controlalos, agora eran cada vez máis violentos e incontrolables. Asemade remataban sempre igual: perdendo a razón ata que a febre disminuía. Estábase facendo de noite e ía frío, buscou un sitio cuberto para durmir, pero antes de que

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



puidera pechar os ollos, viuno: estaba alí, enfronte del, no medio dunha familia. Os nenos estábano abrazando e falándolle coa súa voz tan cariñosa e el estaba gozando con todo aquilo. Iso xa non o aturou, alguén igual a el rodeado de tanta felicidade mentres el andaba só. Sentiu unha gran punzada no peito e notou como a febre se ía apoderando del. Antes de que se dera conta, a súa mente quedou durmida e as imaxes chegábanlle como se fosen un soño. Un soño cheo de gritos.

Unha vez máis o teléfono da policía soou, transmitía a mesma mensaxe da outra vez: todos os membros da familia mortos, incluso as mascotas. O detective colgou e púxose de pé, fíxolle saber o ocorrido ao resto de policías de homicidios e deu ordes de que buscasen ao asasino preto do radio da casa, pois a autopsia confirmoulle o que el xa sospeitaba, e o asasino que buscaban non podía ir moi lonxe. Ademais era bastante fácil de recoñecer.

Volvía ter o corpo débil, pero agora xa lle daba igual. O arrepentimento, que tantas veces o invadira antes, non volveu, senón que se instaurou a rabia, sabía que xa para sempre. Tiña o corpo cuberto de sangue, pero iso tampouco lle importaba. As miradas que lle botaban, antes de desprezo, agora eran de puro terror, e algúns ata estaban marcando o número da policía, pero el non lle facía caso. El só quería volver descargar o seu odio en alguén, e cando viu unha muller saíndo do veterinario cun can nos brazos, volvéuselle a presentar a oportunidade. Abalanzouse directamente sobre o seu pescozo, pero a muller logrou apartarse a tempo. Estaba alasando e a vista nubrábaselle, pero na súa mente totalmente ocupada pola rabia, non había espazo para a dor. Pareceulle oír coches freando preto e xente saíndo a correr deles, pero non lles fixo caso. Tampouco lle fixo caso ao son que de seguro era dunha pistola, ata que sentiu como a bala lle furaba a pel e atravesaba o interior do seu corpo. Caeu ao chan e comezaba a custarlle respirar, pero tamén sentiu como a febre, que tanto mal lle fixera, o abandonaba, e por iso deu as grazas, ata que se somerxeu outra vez nun sono, pero esta vez máis tranquilo e moito máis longo.

O detective gardou a pistola e alegrouse de pechar outro caso, non lle gustaba facelo empregando as armas, aínda que non fose contra un home. O veterinario saíu fóra e, logo de comprobar que a muller máis o seu can estaban ben, agachouse a examinar o cadáver do outro can.

-Así que xa está, o causante de todos eses crimes tan terribles só era un can, un can coma outro- suspirou o detective dirixíndose ao veterinario.

-Non, non coma outro- dixo con rostro serio o veterinario- este tiña a rabia.



Acrósticos

En 1º ESO dedicamos o segundo trimestre á poesía e ao rematar realizamos uns ACRÓSTICOS, aí van algúns:

Amor
Rotundo que
Todo o mundo
Entende á súa maneira.

Martín Lorenzo (1º A)

Leira de palabras,
Intriga de aprender
Na escola.
Gardas as letras
Usándoas sempre
Aprendendo sen parar.

Anxo Roo (1º A)

Para min un nome é
A forma de falar de ti
Útil
Loitadora
Amizosa.

Paula Ares (1º A)

Lóstregos de rabia
Un mar de furia
Marca o compás do mal
É un inferno sobre terra.

Sergio Romeu (1º B)

Meu aniversario
Amores eternos regálanme:
Rosas vermellas arrecendentes,
Zapatos de charol brillantes.
O día dos cantares.

Laura Villar (1º B)

Brisa suave,
Ratos gozando,
Árbores alegres,
Illas cheas de xente,
Saltóns nos prados verdes.

Brais Rodríguez (1º B)

Moita alegría
O mellor está aquí
Imos rir sen parar
Só tes que imaxinar
E se fas o que che dixen.
Sempre alegre estarás.

Moisés Rivadulla (1º B)

Grelos
Ameixas de Carril
Lacón con grelos
Illas Cíes
Caldo da miña avoa
Illa de Ons
Ana Kiro.

Ramón Sónora (1º B)

Alianza
Mirar e namorarse dunha persoa
Obedecer aos nosos seres queridos
Reconciliación.

Isabel Canosa (1º B)

Retallos de amor

Xogamos co amor no mes de febreiro (San Valentín). Lemos distintos fragmentos da literatura galega onde se trataba este tema e, a seguir, os alumnos de 3º ESO realizaron os seus propios retallos de amor.



O seu desexo era evidente. Cando se cruzaban os seus corazóns palpitaban máis rápido do normal, o seu sangue corría lixeiro polas veas, con présa. Cando se rozaban as bolboretas das súas tripas voaban apresuradas agardando algo máis que un sinxelo rozamento. Fuxían o un do outro por medo a un posible rexeitamento, pero non, os dous sentían o mesmo. Os dou desexaban por igual. Os dous se necesitaban para unha completa felicidade.

Unha festa, un baile, un abrazo, as meixelas dun e as meixelas do outro vermellas pola aceleración do seu sangue. Un xogo de maiores, ou talvez, de non tan maiores. Dúas linguas bailaban entrelazadas, primeiro lento, logo con máis rapidez.

Dúas peles en continuo contacto. Dous corpos, un dentro do outro formando un único ser unido polo desexo e o amor que ambos sentían. Algo que non se explica, que simplemente se sente. Un recordo, miles de sensacións.

María Eiras, 3º A.

Sentino subir polas miñas costas, coma un trasno gabeando por unha árbore. Chegou á altura da miña orella e rumoreoume dúas palabras que percorreron o meu corpo de abaixo para arriba. Despois diso dobrei a cabeza e vin unha muller loura e esvelta. Dirixíndome a ela, púxenlle as mans nas costas; sorriu, os seus beizos eran tan naturais e tan suaves coma unha brisa dunha noite de verán, despois deuse a volta e camiñou ata a porta. Cando chego, xirou a cabeza mirándome de novo; o meu corpo sentiu un calafrío; volveu xirar a cabeza e foise. A súa figura esvelta facíase cada vez máis pequena ata desaparecer ao lonxe. Desde ese momento, só desexo volver vela.

Alberto Castiñeira, 3º B.

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



Recordo o noso día de outono, o día que se fixo só noso. Baixo a choiva fixéchelo, recordo as sensacións.

Unha calor que ía aumentando dende o meu corpo ata as miñas meixelas; xa non había corrente que pesase entre nós. De súpeto, cando crin que vivira todo o que debía vivir, sentín ese aroma, o teu aroma.

Non era aroma a amorodos, nin a melocotóns, senón, simplemente, o teu aroma.

Agudizáronse todos os meus sentidos, do primeiro ata o sexto. E toda a miña infancia rematou alí, con ela.

Os meus beizos e o meu primeiro bico eran dela e de ninguén máis.

Marta Peña, 3º B.

Bolboretas. Supoño que sería iso o que debería sentir, pero nada. Por máis que me esforzara ou concentrara, nada. As bolboretas seguían sen aparecer. E non cría que aparezan, pero era igual. Ese momento sería para sempre un recordo inesquecible, aquela tarde, aquela hora, aquel preciso momento, cando pechei os ollos e comecei a sentir os seus beizos sobre os meus. Quizais non sentiría as cóxegas que fan as bolboretas no estómago, pero do que estaba segura, é de aquel momento, non o esquecería nunca.


Begoña Maroñas, 3º A.

Pequenas bágoas aloumiñan as miñas meixelas, percorréndooas ata morrer nos meus beizos. Decatábame de que aquilo que gardaba na miña caixa pechada, tan só eran recordos, que nunca máis abriría as portas a ninguén no meu corazón.

Prestástesme o teu amor, ese amor que pouco a pouco medraba nos nosos adentros. Agora só quedan pequenos anacos que nunca máis se volverán xuntar.

Lembro o teu brillante sorriso cada mañá ao espertar; as túas mans de seda aloumiñando docemente a miña face; consigo lembrar as túas palabras, os teus ámote, os teus para sempre e moito máis. Lémbrome de ti agora que xa non estás, agora cando tan só saen de min bágoas de cristal.

Sara Blanco, 3º A.





Visita de Héctor Carré

O luns 5 de marzo tivemos a grande honra de recibir a visita no noso centro de Héctor Carré, o flamante gañador do premio Xerais de novela xuvenil, que escribiu unha novela sobre Lousame e a febre do wolfram.

Sentirnos un pouco protagonistas encantounos e isto foi o que Héctor nos contou.

Estudou arquitectura en Madrid pero as súas ansias creativas lévárono a visitar produtores ata que o chamaron para traballar co equipo de José Luis Escobar como axudante de dirección. Explica o traballo do cine como semellante a unha organización militar, polo que ten de traballo xerarquizado.

Respecto a Febre confesounos telo escrito dun tirón en mes e medio, pero tendo xa a idea na súa mente. I so sí, non lle gusta reler ou volver a ver os seus traballos. Prodúcenlle unha certa estrañeza, como se non fosen obras súas. Actualmente está inmerso na súa película "Personal movie". Transmitiunos a dificultade de competir coa poderosa industria cinematográfica americana,



que conta con presupostos moitísimo máis importantes cós nosos en calquera apartado, e como non, na promoción das películas.

Respecto á literatura, a súa novela favorita é "A sangue frío" de Truman Capote, co que comparte a idea de que non hai mellor novela co periodismo.

Ao final da súa exposición, asinounos os nosos libros e Oscar Creo agasallouno ca súa proposta de ilustración para a portada do libro.





Concurso do logo da biblioteca



Logo gañador.
Autor: Adrián
Sánchez, de 4^o
curso PDC

Este curso, o grupo de biblioteca organizou, coincidindo co "Día da Biblioteca Escolar" do 24 de outubro, un concurso para diseñar o logo da nosa biblioteca. Os resultados foron fantásticos; Ademais da numerosa participación, a creatividade foi tal que non só rematamos cun logo premiado, o que aquí vedes e que lle debemos a Adrián Sánchez, senon que tamén lle incluíu un lema: "Ler para aprender". Os alumnos de Infantil C fixéronnos unha mascota en tres dimensións e os alumnos e alumnas de Infantil A adicáronlle unha canción:

"Leo, leo...
Que les?
Un contiño...
E que contiño é?"

A todos e todas os que participastes queremos darvos as grazas por tanta ilusión que nos fixéchestes chegar.

Agora... A gozar da biblioteca!



Roteiro literario Torrente Ballester



O sábado 17 de decembro fomos a Ferrol seguindo as pegadas de don Gonzalo Torrente Ballester. Empezamos como non, en Serantes, parroquia onde naceu, e subimos ata a Ermida de Chamorro para ter unha panorámica da comarca ferrolá.


Visitamos o peirao e o barrio modernista da Magdalena, paseando polas rúas onde está ambientada *A boda de Chon Recalde*. Pola tarde fomos a Acuaciencia e a comer “buñuelos” con chocolate.





A sorpresa da tarde foi a visita ao Belén tradicional da Orde Terceira de San Francisco, no que as figuriñas están creadas de forma artesanal por Alfredo Martín Lorenzo e considerado polos medios de comunicación como o mellor de Galicia reaalmente!



Roteiro literario Valentín Paz Andrade



Nesta ocasión o programa foi moi variado. Comezamos visitando *Salinae*, o Museo das salinas en Vigo, e tras un percorrido polas rúas máis históricas da cidade, trasladámonos por medio dun máxico autobús á Bretaña francesa e comemos unhas crepes na *Creperie Bretonne*. Pola tarde esperabanos *Verbum*, o museo das palabras onde ademáis tivemos a nosa primeira experiencia de *bookcrossing*, Aínda nos deu tempo para remollar un pouquiño os pés nas augas das praias de Samil antes de rematar a xornada visitando o *Museo do Mar* e o *Acuario*.



X
O
G
A
I
N
A

Cando xa viñamos de volta xurdiunos a derradeira aventura: unha manifestación do sector naval por Vigo cortounos o camiño e tivemos que agardar a que avanzara. Tamén serviu para entender moito mellor a alma desta cidade industrial e porto de Galicia.



CLUB DE LECTURA

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



Festa de clausura dun ano de lecturas...

Neste noso segundo ano do Club de lectura, non quixemos deixar de celebralo cunha pequena festa.





X
O
G
A
I
N
A

Para comezar o xenial Serafín Marcos foi quen de poñer ante os nosos ollos a vida e obra de Valentín Paz Andrade.

E tralas emocións da representación, un pouco de doce para facer máis levadeira a despedida ata o vindeiro curso.




Visita de Mamá Noel á biblioteca



Coincidindo co centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro os nenos e nenas de infantil resolveron unha adiviña en forma de canción. A solución requería que realizasen unha pomba dourada ao seu gusto e a levaran á biblioteca. Alí atopáronse de forma sorprendente con Mamá Noel que estaba a ler uns relatos de don Álvaro. Os nenos e nenas quedaron moi contentos pero máis aínda se emocionou Mamá Noel ao ver os traballos tan bonitos que fixeran.

X
O
G
A
I
N
A





A
R
T
E
N
A

Le onde queiras pero

B
I
B
L
I
O
T
E
C
A

Así, quen se pode resitir á lectura?
Déixovos, teño que ir ler...!

Eles son ...



Compañía
Aventuras
Soños...

PODES LER ONDE CHE APETEZA PERO ...



X
O
G
A
I
N
A

CLUB DE LECTURA

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



ÉRASE UNHA VEZ A BAILARINA MARIE QUE
TOMABA O SOL NA PORTA DA CASA.
ESA MAÑÁN ESTABA MOI CONTENTA PORQUE MERCARA
UNHA BONITA SAIA.



O LUNS PASOU POR ALÍ UN PEQUENO INFANTE
QUE LLE DIXO:

- MARIE, MARIE FERMOZA, ¿QUERES PASEAR COMIGO?
- ¿E A ONDE ME LEVARÁS?
- Á PRAZA DA CIBELES, PARA QUE NA SÚA CARROZA TE
POIDAS ABANAR.
- ¡AI NON, HEIME MAREAR, CONTIGO NON VOU
PASEAR!



O MÉRCORES, UN PÍFANO, QUE POR ALÍ PASABA,
ACERTOU DICIR:

- MARIE, MARIE FERMOZA, ¿QUERES PASEAR COMIGO?
- ¿E A ONDE ME LEVARÁS?
- AOS CAMPOS ELÍSEOS, PARA QUE DESDE A TORRE
EIFFEL POIDAS SOÑAR.
- ¡AI NON, HEIME MAREAR, CONTIGO NON VOU
PASEAR!



X
O
G
A
I
N
A

CLUB DE LECTURA

Biblioteca do CPI Cernadas do Castro



O XOVES, O NOSO PEDRITO VEUNA TAN XEITOSA, QUE LLE DIXO:
- MARIE, MARIE FERMOZA, ¿QUERES PASEAR COMIGO?
- ¿E A ONDE ME LEVARÁS?
- Á MIÑA HORTA, QUE CHEA DE CORES ESTÁ, E A TÚA BOCA REFRESCARÁ.
- ISI, SI, CONTIGO IREI PASEÁRI!

MARIE FOI PASEAR CON PEDRITO ESA PRIMAVERA



DESPOIS PASEOU POLO VERÁN




E NO OUTONO



E TAMÉN NO INVERNO



DURANTE MOITOS, MOITOS ANOS.



X
O
G
A
I
N
A

Conto feito por Infantil D

32